Ilex aquifolium L., 1753

- acivro, xardón, cibro, picafolla
- acebo, aquifolio, agrifolio
- gorostil
- arbre de mal fruit, arbre de visc, coscoll de vesc, grèvol
- english holly
- azevinho, aquifólio



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Aquifoliales**	**Aquifoliaceae**	***Ilex***

ORIXE

Europa e oeste asiático.

CARACTERÍSTICAS

Forma de arbusto ou árbore moi denso e frondoso de 1,5-12 m de altura. A codia e as pólas son grises e lisas. As follas son perennes, simples, alternas, máis ou menos ovaladas e xeralmente con marxes espiñentas. Miden ata 8 cm de longo, son de cor verde escura e sen pelos por ambos os lados. Hai exemplares machos e femias. Os machos teñen flores esbrancuxadas que adoitan ser pouco visibles, pero as femias, despois da fecundación, producen froitos globosos pequenos, que son verdes ao principio e se volven vermellos brillantes ao madurar.

HÁBITAT

Xeralmente aparece de forma illada, pero ás veces forma pequenas masas dentro de bosques temperados fríos e húmidos (faias, carballos, bidueiros, piñeiros silvestres ou salgueiros), con preferencia por substratos ácidos ou descarbonatados.

DISTRIBUCIÓN

Planta centroeuropea e mediterránea. Tamén se atopa no noroeste de África e no sueste asiático. Na Península Ibérica é máis abundante no norte.

CURIOSIDADES

A planta do acivro tamén se emprega, xunto co visgo (*Viscum album*), como decoración nos fogares durante a época do Nadal.